Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA DO CONSELLO SOCIAL DO 21.12.2023

LUGAR: Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo
DATA: 21.12.2023
HORA DE COMEZO: 10:30 h.
HORA DE REMATE: 13:00 h.

Asistentes:

Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)
Lesmes Romero, Yolanda
Fernández Zunzunegui, Emilio
Graña Nogueiras, Jesús
Martiño Gómez, Antonio
Pérez Puga, Gerardo Ramón

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

Desculpan asistencia:

Macho Senra, Antonio

O xoves, día 21 de decembro de 2023, ás 10:30 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22.06.2023).
2. Informe do presidente.
3. Informe sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2024. Acordo para elevación ao Pleno.
4. Acordo que proceda, para elevación ao Pleno, da proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2024.
5. Orzamento do Consello Social para o exercicio de 2024.
6. Informe sobre a Oferta de Emprego Público para PDI da UVigo para o ano 2023.
7. Informe sobre a Oferta de Emprego Público para PTXAS da UVigo para o ano 2023.
8. Recepción, análise e valoración das conclusións da auditoría operativa sobre "Procedementos aplicados na xestión dos activos patrimoniais da UVigo, concretamente sobre os elementos do inmobilizado material", referidos á salvedade do auditor nas contas anuais de 2022.
9. Redución de capital social de Cidade Universitaria, S. A. (CUSA) para restablecer o equilibrio patrimonial da sociedade. Acordo que proceda, consonte a normativa aplicable.
10. Aprobación, se procede, da modificación dos prezos públicos por servizos deportivos da UVigo en 2024.
11. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en setembro, outubro e novembro de 2023.
12. Rogos e preguntas.

Agradece o presidente a asistencia dos presentes e anticipa que se levou a cabo unha reunión previa ca Xerencia para dar conta dos importantes reparos sobre a primeira proposta de orzamentos da Uvigo, e para pedir as explicacións e correccións dalgunhas cuestión recollidas nas Normas de execución. Subliña que se considerou oportuno ese encontro, para achaiar e facilitar un achegamento e chegar á comisión tendo xa aclaradas e avanzadas algunhas cuestións inicialmente e de entrada pouco asumibles, dado que a primeira valoración parecía moi afastada dun informe favorable. Agradece o esforzo feito no breve espazo de tempo dispoñible, e as aclaracións e correccións ofrecidas pola Xerencia, razón pola cal os documentos que se verán na Comisión, -e que, de saír adiante, proporanse ao Pleno- difiren nalgúns puntos dos remitidos inicialmente cando se convocou a xuntanza.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22.06.2023).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Juan Manuel Vieites dá conta da prórroga do contrato coa empresa Baker Tilly Auditores por dous anos, para realizar os informes de auditoría e memorando de recomendacións das contas da UVigo correspondentes aos exercicios de 2023 e 2024. O contrato inicial asinouse en xuño de 2022, para as contas de 2021 e 2022, prorrogable por un máximo de dous anos.

Deseguido lembra que a comisión continúa agardando o convenio asinado coa Xunta que xustifique a incorporación de remanente para sufragar gastos financiables con cargo á partida de I+D+i do plan de

financiamento do SUG 2024/2026, solicitado á Xerencia na reunión do 8 de maio do ano en curso, sesión na que se pediu tamén un informe sobre a evolución dos remanentes.

Informa así mesmo sobre as reiteradas salvedades recollidas polos auditores sobre o patrimonio material da UVigo, asunto polo que se ten interesado o Consello Social en varias ocasións, chegando mesmo a pedir unha auditoría operativa (punto 8 da orde do día) respecto diso. A xerente manifesta que se buscaron empresas para cumprir coas esixencias dos informes de auditoría, pero que os custes que propoñen parécenlle excesivos. Namentres estanse a valorar outras opción, como desenvolver unha aplicación para resolver as carencias detectadas, sobre todo para rexistrar as baixas "que é o que máis distorsiona". O presidente reitera a necesidade de buscar unha solución e implantar un sistema efectivo "canto antes", mantendo ata entón a atención e o seguimento do Consello Social.

Cita finalmente o presidente a situación que se está a dar con FEUGA, e a observación dos auditores que o recollen ano tras ano no memorando de recomendacións sen que a UVigo faga nada respecto diso. Sinala que parecería lóxico que os remanentes dos contratos feitos polos investigadores ao abeiro do artigo 83 da LOU teñan un control e vaian a un fondo común. Pide Juan Manuel Vieites que, por operatividade e control, se solucione de modo que ao final do mandato non quede ningún remanente en FEUGA, xa que co cambio da normativa poderíase traspasar todo á UVigo. O vicerreitor Jose Luis Míguez veo factible, e mantén un intercambio de opinión con Jesús Graña.

Respecto do orzamento da UVigo que se presenta, adianta que se mantiveron reunións previas coa Xerencia e o equipo económico para dar traslado dos reparos e os desacordos co texto recollido no documento inicial, transmitir a necesidade de introducir cambios ou a urxencia de pedir explicacións. Subliña que os encontros expuxéronse dadas as grandes diferencias nalgunhas cuestións e o escaso tempo para resolvelas vía comisión. Neste punto agradece o traballo e o esforzo da Xerencia por dar resposta nalgúns casos ou corrixir e mesmo rectificar noutros, o que permite achegar á comisión un documento que contén cambios respecto ao remitido coa convocatoria e que o Consello Social, en principio, si podería asumir.

PUNTO 3

Informe sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2024. Acordo para elevación ao Pleno.

Introduce este punto o presidente e explica a xerente o cálculo límite do gasto para 2024 que se somete a aprobación da comisión e posterior elevación ao pleno. O teito de gasto elévase a 180.275.677,30 €.

- *A comisión informa favorablemente.*

PUNTO 4

Acordo que proceda, para elevación ao Pleno, da proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2024.

Juan Manuel Vieites dá conta dos reparos feitos ao documento de orzamentos presentado inicialmente, e sobre o que se pediron explicacións inmediatas con antelación para cumprir os cortos prazos dispoñibles e en evitación de posibles desequilibrios económicos. As obxeccións importantes centráronse principalmente en dúas cuestións que se consideraron en principio de moi difícil aceptación polo Consello Social e escasamente fundamentadas: unha sobre a elevada cifra de remanente de tesouraría de libre disposición para financiar o orzamento de gastos non afectados (18,4M€); e outra pola previsión de gastos de persoal superior en 4M€ ao autorizado pola Xunta de Galicia nos seus orzamentos para 2024. Tamén se piden explicacións sobre o cumprimento do mandato do artigo 57.7 da LOSU, no que se indica que as universidades dedicarán unha porcentaxe do seu orzamento non inferior ao 5% a programas propios de investigación.

Así mesmo, no tocante ás normas de execución, o presidente comunica que dende o Consello Social rexéitase a modificación do artigo 11.4a propoñendo elevar de 10 mil a 100 mil euros o importe mínimo para que o Consello Social autorice as transferencias de gastos de capital a gastos correntes, calquera que sexa o programa ao que afecten. Tamén se pide a eliminación do artigo 16 que faculta á comisión delegada de planificación do Consello de Goberno a autorizar achegas das fundacións, por entender que é

competencia do Consello Social. Respecto da disposición adicional segunda pola que se autoriza ao reitor a concertar operacións de empréstito, pídese expresamente que sexa suprimida no orzamento de 2025.

Sobre outros asuntos requírese información complementaria, como é o caso da baixa estimada de ingresos por matrícula (1,2M€ menos); e a considerable subida do incremento de gastos en xurídico contencioso, por non presentar suficiente fundamentación (a partida pasa de 60 mil en 2023 a 2M€ en 2024).

Subliña o presidente que a Xerencia fixo un importante esforzo e elaborou un documentado e pormenorizado informe de alegacións, que se lle entregou aos membros da comisión e que, ao seu xuízo, dá cumprida resposta ás cuestións en principio inadmitidas, e que o devandito informe remitirase tamén ao pleno para que teña coñecemento dos reparos feitos e das xustificacións recibidas.

Os presentes participan nunha rolda de intervencións, reflexións e opinións, na que valoran a documentación aportada e o traballo previo feito, e apuntan outras referencias e dúbidas sobre o orzamento. Neste contexto, Yolanda Lesmes agradece o interese e a axuda da comisión na mellora do orzamento e presenta varias gráficas coas liñas xerais e as liñas de actuación recollidas no orzamento, que presenta un crecemento do 9,17%, ata os 248,6M€, e que resume en que se mantén o equilibrio orzamentario e a UVigo segue a dispoñer de recursos propios para atender o gasto estrutural non financiado por outros axentes.

Analizados os datos e expresadas as posturas, a comisión decide deixar constancia do risco que supón utilizar un remanente libre por máis de 18 millóns de euros sen explicar o seu uso para actuacións concretas e puntuais, dado que podería implicar que a liquidación do exercicio de 2024 fose negativa; e no caso de que dita utilización de recursos libres para financiar o orzamento de gastos fose unha necesidade estrutural que se repetise nos seguintes exercicios, podería conducir a un déficit estrutural nas contas de UVigo.

Engade a declaración que "ante o descoñecemento técnico sobre ditas operacións contables, a comisión permanecerá vixiante sobre a cifra de remanente de tesouraría dispoñible, polo que no cálculo provisional que se deberá presentar antes do 1 de marzo de 2024 analizarase se as previsións e os cálculos presentados nesta reunión son acertados".

- *A comisión eleva informe favorable ao Pleno.*

PUNTO 5

Orzamento do Consello Social para o exercicio de 2024.

Consonte a documentación que se achega, expón o presidente as grandes liñas do orzamento, a estabilidade do orzamento total durante os últimos anos e a estimación de execución do exercicio 2023.

- *Infórmase favorablemente.*

PUNTOS 6 e 7

Informe sobre a Oferta de Emprego Público para PDI da UVigo para o ano 2023.

Informe sobre a Oferta de Emprego Público para PTXAS da UVigo para o ano 2023.

Informado este punto polos representantes do equipo de goberno, algúns dos presentes coinciden en preguntar sobre determinados aspectos económicos. Yolanda Lesmes resposta e, entre outras cuestión, avanza que a UVigo disporá de tres anos para executar as OPE, e que o cálculo estimado, pendente de peche, sitúase sobre os 3,4M€. Tamén informa que para o PDI aprobáronse 160 prazas, e para o PAS son 14.

- *A comisión dáse por informada.*

PUNTO 8

Recepción, análise e valoración das conclusións da auditoría operativa sobre "Procedementos aplicados na xestión dos activos patrimoniais da UVigo, concretamente sobre os elementos do inmobilizado material", referidos á salvedade do auditor nas contas anuais de 2022.

Consonte ao falado e desenvolvido no punto 2, Juan Manuel Vieites pide avanzar e traballar en "acomodar" os activos patrimoniais o antes posible, e que nesa dirección téñanse en conta as recomendacións aproveitables recollidas neste informe de auditoría.

- *A comisión dáse por informada.*

PUNTO 9

Redución de capital social de Cidade Universitaria, S. A. (CUSA) para restablecer o equilibrio patrimonial da sociedade. Acordo que proceda, consonte a normativa aplicable.

Explica o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade a documentación que se achega, o informe formulado polo órgano de administración de CUSA en relación coa redución de capital, coa finalidade, xustificación e alcance da proposta; e a evolución da sociedade e as principais operación rexistradas dende os inicios en 1999. Prodúcese un intercambio de información, consultas e respostas sobre a sociedade e a proposta da Xunta xeral de accionistas dunha redución de capital por importe de 3.460.819,20 € mediante a redución do valor nominal das accións, coa finalidade de restablecer o equilibrio entre o capital e o patrimonio neto da sociedade.

- *Infórmase favorablemente.*

PUNTO 10

Aprobación, se procede, da modificación dos prezos públicos por servizos deportivos da UVigo en 2024.

Exposto este punto, ábrese unha rolda de opinión entre os asistentes respecto da rendibilidade do servizo de Deportes. Coinciden en valorar que o custe é baixo, e debaten sobre se se debe aplicar un criterio de rendibilidade ou de servizo á comunidade universitaria. A xerente afirma que non se pode ver en termos empresariais senón de avaliar se a universidade pódese permitir ofrecelo ou non. Emilio Zunzunegui é partidario de facer ese análise sobre a conveniencia de mantelo, pero coa filosofía de prestar o servizo lonxe tamén da gratuidade total.

- *Infórmase favorablemente.*

PUNTO 11

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en setembro, outubro e novembro de 2023.

- *A comisión dáse por informada.*

PUNTO 12

Rogos e preguntas.

Jesús Graña pide que os convenios de contido económico que firma a UVigo, cheguen ao Consello Social cos informes dos servizos correspondentes ou ben acompañados de certificacións da Secretaría Xeral acreditando que teñen eses informes. O presidente solicita que se aplique ese criterio a partir de 2024.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:00 horas do 21 de decembro de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Ignacio Rodríguez Iglesias